

O FILÓSOFO DE TAMARICA

Xulián M. Magariños Negreira

I

Cibrán Teixido, con ática elegancia, arredou as tesoiras da cachola do parroquiano e seguiu cortando no aire, facéndoa repenicar artisticamente.

—¿Vaia un tempiño, eh? —dixo voltando a cortar nos cabelos.

—¡Si, home! —falou o parroquiano mentres se ollaba no espello que tiña diante.

—¡Está tremendo!

—Non se pode saír da casa.

—Nin na casa se está ben, polo frío que vai.

—O remedio está no lume.

—Iso cando hai que queimar.

—Leña non falla.

—O piquer é atopala enxoita.

—Certamente; a auga molla todo.

Un novo parroquiano entrou na barbería. Sacou o sombreiro e deu uns couces no chan para sacudir a auga.

—¡Que tempo! —dixo.

—Non me lembro doutro inverno coma este —atendeu

Cibrán, repenicando outra vez coas tesoiras no aire.

—¡Non sei que vai ser de nós!

A chuvia caía con forza nas pedras da rúa. O vento asubiaba nos aramios. A xente non saía das casas. En toda a vila non se falaba máis ca do mal tempo.

O mestre barbeiro deixou as tesoiras, arredou do pescozo do parroquiano o pano branco, sacudiu os cabelos e voltouno a pór como estaba.

—E logo —dixo por dicir algo— ¿que novas hai por aí?

—O de sempre. Chuvia, frío, faladurías...

—¿Que conta Chinto de Pedralonga?

—Fala mal de ti, como de cotío.

—Non me estraña. Tén unha lingua e uns dentes máis afiados cós dunha cobra.

—Tan bos son os que lle dan creto e lle escoitan as súas parvadas.

—Tamén é certo.

—Pois polo visto, onte contoulle a meu cuñado mentres o afeitaba, que ti mercabas de segunda man as navallas da barba.

—¡Que argalleiro!

—Cando tén aquilo cheo de xente non fai máis ca falar mal de ti e dos teus parroquianos.

—Xa o sei. Mais eu non murmuro del porque lle teño lástima. Abóndame con desprecialo.

—¿E por que che tén tanta tirría?

—Pola envexa de ollar que á miña barbería vén todo o mellor de Tamarica e á del non vai máis ca xente inculta e pobre.

—Non é merecente doutra cousa.

—Se fixera por traballar e por gañar un cacho de pan que lle meter na boca ós fillos, mellor lle fora.

—Si, xa ouvín que vivían malamente.

—Con dicirlle a vostede que comen o caldo sen unto...

—¡Vaia todo por Deus!

—O que a min me enrabecha é que por riba de ser tan pobre, se adique a murmurar.

—Todo iso faino a incultura.

En Tamarica había dous bandos que, aínda sen ter orientación política nin ideoloxía relixiosa, levábanse tan mal como se a tiveran. Os dunha banda —aristócratas puidéramos chamarlle se creramos na aristocracia— eran parroquianos de Cibrán Teixido, o Vinculeiro, home culto e sabedor, cal o proba o feito de ler cáseque tódolos días o xornal e de falar en castelán cos forasteiros; os da outra, —burguesía e clase baixa, sen límites definidos— cando se precisaban afeitar ou arrombar o cabelo, ían á barbería de Chinto de Pedralonga.

Uns e outros tiñan un órgano periodístico común. *A voz de Tamarica* era un orixinal semanario que se publicaba as veces que o director coidaba conveniente. Compúñase de dúas follas: unha e media era adicada a anuncios, e a plana restante a plasmar os intereses de Tamarica en artigos insultantes con que un parroquiano de Chinto de Pedralonga floreaaba a outro do Vinculeiro e viceversa.

Ó director, que era un escolante, íalle ben co choio do periódico. Cando un tamarico quería alcumar a outro, ou descubri-lle segredos, escribía un artigo e mandábao a *A voz de Tamarica* cun billete de cinco pesos dentro. Como o director non agardaba a publicar o semanario máis que a que houbese orixinal, de contado chegaba ás mans do insultado o artigo de referencia. Entón, cheo de carraxe, mandaba procurar un caderniño de papel de barba e escribía outro artigo contra o autor do primeiro; e meténdolle cinco pesos (en billete, para que non avultasen) dentro, mandábao a *A voz de Tamarica*. E así sucesivamente.

Na rebotica do licenciado don Pedro Salgueiro recadábase tódolos seráns a plana maior de Tamarica. Era un cabán pequeno, atestado de botellas e de caixas. Había unha mesa

grande, onde os contertulios xogaban e tomaban café, e outra pequena, acugulada de xornais, revistas e libros. Cravado na parede achábase un estante coas obras completas de Xulio Verne, elegantemente encadernadas. Do teito penduraba un barco de vela, todo luxado das moscas. Adoitábase xogar un tute, murmurábase un pouco e ás veces facía o notario xogos de prestidixitación, nos que era moi perito. Se non se divertían moito, polo menos pasaban o tempo.

Aquel anoitecer, como de cotío, seguían os contertulios do boticario unha interesante partida de tute cando entrou moi foncho e derado o rexistrador.

—Señores —dixo—, hoxe é día de ledicia para Tamari-ca. Por fin, fíxose xusticia.

—¿Entón?

—Don Pedancio foi nomeado sabio de número da *Sociedade Internacional de Filósofos e Profundadores*.

—¡Alégrome ben! Don Pedancio é merecente diso e de moito máis —sentenciou o xuíz.

—É o primeiro filósofo da raza branca —dixo o licenciado Salgueiro.

—Temos que o ir felicitar —seguiu o rexistrador.

—Si, si, hai que ir mañá á primeira hora.

—Tócalle barallar a vostede, don Andrés —falou don Manuel, o indiano, que non entendía de filosofías.

E seguiu a partida.

II

Don Pedancio Casanova era un home forte coma un carballo, calvo e de longas barbas grises.

Vivía nunha casa fidalga da vila, en compañía dunha sobriña e de dúas irmás, solteira unha e viúva a outra.

Don Pedancio levaba a vida tranquila e retirada dun

pensador xermánico. Un libro que el estimaba moito, titulado *Os filósofos e as súas vidas íntimas*, puxéao ó corrente dos segredos e costumes dos grandes coidadores mundiais, e el, para non ser menos, semellaba imitalos. Saía pouco da casa porque o seu intenso traballo intelectual non lle deixaba tempo para se adicar á vida preguiceira dos máis tamaricos. El era o único que non se achaba afiliado a ningún partido vilego. Como era calvo e se deixaba a barba, non precisaba de ningún barbeiro, e de aquí que se levase ben con todos. Algúns domingos recadaba no sobrado da súa casa fidalga os seus mellores amigos e os parentes deles, e facían reunións a estilo fin de século. E estas horas que pasaba parolando cos seus vellos admiradores era o lecer que lle daba ás súas fortes potencias creadoras.

Don Pedancio Casanova era un filósofo coñecido e admirado en cáseque todo o mundo. A sona do seu saber resoaba en tódalas esferas científicas. Endexamais escribira nada, pero, en troques, estaba preparando unha obra de filosofía analítica titulada *Consustanciación filosófica do pensamento humano*, que poría en ridículo e faría desbotar como ignorantes a Kant, Hegel, Krause e outros deica entón considerados como grandes pensadores.

Os xornais e revistas falaron del como se fala dun home consagrado, pouco menos ca dun xenio. Publicaron o seu retrato a dúas tintas e adicáronlle longas restas de adxectivos e adverbios encomiásticos. Houbo un crítico severo que lle atopou unha chata, que era a de non ter escrito nada. Pero iso en nada escurecía a súa sona de fondo pensador.

O seu nomeamento de sabio de número da *Sociedade Internacional de Filósofos e Profundadores* era agardado desde había tempo polos seus admiradores. Tíñase nova de que algúns envexosos trataban de o desprestixiar asegurando que era un home sen méritos e sen coñecementos. Pero aquilo non puido facer mella no creto dun dos valores máis recoñecidos da raza branca. E unha vez máis triunfou a xusticia.

O xuntoiro da rebotica do licenciado Salgueiro acordou por unanimidade, co gallo deste acontecemento, facer algo en gabanza do ilustrado Casanova, gloria de Tamarica e dos seus confinantes.

O xuíz opinou que se debía facer un álbum e nel estampar as súas firmas tódolos admiradores do filósofo. Aquilo non gorêntou gran cousa. Don Xosé Rodríguez, moi entendido en música e entusiasta adorador da arte de Antonio del Pozo (a) Mochuelo, aconsellou que o mellor era compor un himno con letra alusiva e cantalo o pobo en masa unha noite de lúa á porta do homenaxeado. Outras proposicións fixéronse sen acadar entusiasmo. A que mellor soubo converxer os degoiros de todos foi a do notario de facer unha velada de honor.

Ó outro día chegou a Tamarica un redactor de *Berros de loita* disposto a facer unha boa información sobre do ilustre sabio. Dirixiuse á súa casa e petou á porta. Saíu a abrir unha irmá.

—¿Don Pedancio Casanova?

—Estalle no despacho. Pase aquí á sala, que o vou avisar.

—Nada diso. Son periodista e quero sorprendelo descoitado no seu traballo para facer unha interesante descrição dos seus costumes no intre das elucubracións filosóficas. ¿Cara a onde cae o seu despacho?

—Alí, naquela primeira porta.

O redactor de *Berros de loita* abriu a porta paseniñamente e ollou para dentro. Sentado ó pé dunha táboa rodeado de libros, acougaba o filósofo. Non se deu conta da presenza do periodista, porque se achaba ensimismado ollando pola fiestra para fóra.

—¡Interesante! ¡Interesante! —ouviu dicir desde a porta—. ¡O sabio forxa ideas!

—¿Quen é vostede? —preguntou medio enfurruñado, erguéndose.

O periodista esculcou na carteira e deulle unha tarxeta. Don Pedancio leu: *O Cabaleiro da Rosa Branca no Peito (Xosé Pérez). Director, redactor xefe e propietario de Berros de loita, rotativo do mediodía.*

—Perdóeme, admirado sabio, a maneira norteamericana de me presentar. Son periodista da nova escola.

—É que non me gusta que me interrompan cando traballo. Agora cando vostede entrou, descansaba, porque hoxe fixen un labor moi intenso e tiña a testa coma unha gaiola de grilos. Mais acougue e séntese.

—Gracias, querido filósofo. Explicareille a miña presenza aquí. Enteirado do seu triunfo e sabedor do interese que teñen as súas manifestacións para os lectores do meu periódico, quixen ser o primeiro que as recibise dos seus beizos. Celebrarei con vostede unha *interview* e tirareille unha caricatura simbólica.

—Estou á súa disposición.

—¿Desde cando data a súa afección filosófica? —preguntou o periodista, dispónndose a escribir nun papel que tiña diante.

—Dende moi neno. Os grandes conceptos do pensamento interesáronme decote. Mentres os meus compañeiros lían os contos de Calleja, eu embebíame no *Die Welt als Wille und Vorstellung (O mundo considerado como vontade e representación)* de Schopenhauer, que máis adiante había de marcar tan fonda influencia no vieiro dos meus pensamentos.

—¡Interesante! ¡Interesante!

—Moitas máis cousas podería dicir sobre a miña mocidade, pero a modestia impídeme.

—Fale, fale, serei discreto.

—Tendo doce anos, imaxinei unha teoría sobre o movemento e decidinme a escribir un libro.

—¿E escribiuno?

—Non, porque me desazei. Enxerguei que a un rapaz do meu tempo ¿ninguén lle faría caso.

—¡Que lástima! ¿Pódeme contar unha anécdota dos do meu tempo ninguén lle faría caso.

—Contareille unha moi interesante. A min de neno go-rentábanme moito os figos. Unha miña tía tiña unha figueira grande e fermosa, tan cargada deles que as ponlas lle baixaban cáseque ata o chan. ¡Moito teño degoirado ollando cara a ela! Unha tarde fun á súa casa levarlle un recado da miña nai. Tanto lle falei da figueira, que ela enxergou o anxeio que eu tiña de me fartar de figos e díxome que subise á cima e que manxase tódolos que quixera. Non parei ata que me atopei no curuto, que era onde se achaban os máis maduros. Era a hora do solpor. O ceo azul fundíase co verde escuro dos montes. A natureza, coa súa serenidade maxestuosa, inzou as miñas potencias de calada e fonda admiración. Púxenme a coidar... e o tempo foise. Cando voltei á realidade era cáseque noite. Ouvín que miña tía me chamaba e baixei sen probar os figos.

—¡Interesante! ¡Interesante! ¿Que prepara vostede agora?

—Axiña comenzarei a miña obra clave, que ha de pasmar ó mundo pola súa profundidade. *Consustanciación filosófica do pensamento humano* será a revelación de tódalas miñas teorías.

—¿Logo, aínda non a comenzou?

—Non. Ata que non teña o meu sistema filosófico rematado non penso coller a pluma. Agora adícome a coidar. Hai catorce anos que penso.

—¿A que filósofo segue?

—A ningún. Imaxino que están todos trabucados.

—Teño entendido que vostede non está pola literatura.

—Non; coido que é unha forma patolóxica do pensamento e agardo demostralo na miña obra. A literatura é a segregación intelectual de miolos anormais.

—Con isto xa teño dabóndo para facer un artigo interesante.

—Esquécelle unha pregunta interesante.

—¿Cal?

—O grandor do meu próximo libro.

—¡Certamente! ¿E cal será?

—Octavo maior.

—Ben. Falla a caricatura. Mais non sei se será mellor que me vaia agora e que volte despois. Sempre leva algún tempo, e como é a hora de xantar...

—Alá vostede. Se me quere acompañar a facelo...

—Xa que vostede se empeña, ficarei logo.

III

A velada en honor do ilustre filósofo e pensador don Pedancio Casanova trouxo a Tamarica grandes complicacións. A comisión nomeada na rebotica do licenciado Salgueiro deu comenzo axiña as súas xestións organizadoras. Determinárase levar á escena un drama histórico en verso, orixinal de don Robustiano de Gómez e Fernández, aristócrata e recadador de contribucións: *As Verbas de don Sancho ou A Fiestra do Castelo*. A comisión atopouse cun grande inconveniente: faltaba xente a quen adxudicarlle os papeis do drama. Díxoselle a don Robustiano que fixese o favor de suprimir unhas cantas azafatas, pero el, con ese xesto sereno e digno, tan propio dos nobres, asegurou que prefería que o drama ficase inédito a chiscarlle a un cabelo de calquera dos personaxes. Era preciso recorrer ós parroquianos de Chinto de Pedralonga. Algúns aconsellaban desistir da velada ou darlle outro senso. Mais o rexistrador, que lle debía unhas pesetas a don Robustiano, tiña interese en congraciarse con el representándolle a obra, e traballaba por conseguir a von-

tade dos compañeiros.

—Á forza hai que representar o drama de don Robustiano. Á parte de se tratar dun dramaturgo veciño, hai outra razón particular que o esixe.

—O noso obxectivo é festexar a don Pedancio Casanova, sexa dunha maneira ou doutra —dicía o notario.

—Precisamente del se trata.

—¿E logo?

—Díxome secretamente a min que tiña interese en que a súa sobriña fixese o papel de Raíña no drama.

—Entón nin unha palabra máis. Hai que representar *As Verbas de don Sancho* por riba de todo.

Despois de grandes *triquinencias*, repartíronse os papeis, O interese de todos era non ter que botar man dos seus inimigos. Precisamente en aras deste interese, encargouse do papel de don Sancho o aristocrático recadador de contribucións, autor da peza dramática en cuestión, don Robustiano de Gómez e Fernández. Os personaxes masculinos fóronse encarnando en diferentes tamaricos, parroquianos todos da barbería de Cibrán Teixido o Vinculeiro, mais, en troques, os femininos, por moito que se esculcou, non se achou a quen lle adxudicar dous empregos de azafatas da Raíña. Non houbo, pois, máis remedio ca dirixir os ollos ó bando contrario. E os ollos de todos espetáronse nas dúas fillas de Pepe o Coireiro, mozas garridas, e cecais as máis elegantes da vila, pois o pai, choieiro rico, endexamais reparou en gastos, con tal de que as rapazas campasen. E alá se foron unhas cantas amigas das fillas a pedirlle ó pai que as deixase subir ó escenario. Non lle gustaba grande cousa a este o transixir cos seus inimigos, pero por outra banda gorentáballe tamén que as súas fillas alternasen. Por fin, deu o permiso. As dúas novas actrices recolleron os papeis de azafatas da Raíña e leváronos á casa para os estudar.

Tres días despois, apareceu en *A voz de Tamarica* un artigo de Pepe o Coireiro dirixido contra a Comisión organi-

zadora onde se expresaba deste xeito:

“Quero por en coñecemento de certas persoas que polo de agora non teñen as miñas fillas necesidade de ser criadas de ninguén, nin no teatro, nin fóra del. Seu pai ten abondo para as ter de señoritas e que lle dar de xantar sen andar langreando dunha casa noutra, e pedindo cartos empréstados aquí e alí, coma certos individuos desta vila que agora tratan de organizar unha velada (refírome ó rexistrador que debe ata o traxe que viste, pois aínda non lle pagou a feitura ó meu curmán Bieito, e ó notario, que *desbalixa* a cantos entran no seu despacho).

“Eu non son parvo para non enxergar as cousas. Cando se tratou de que as miñas rapazas traballasen nesa velada, xa me dixo a miña Manuela: ándate con ollo que che han querer facer unha mala xogada. ¡E vaia se querían! Pero eu son moi lagarto. ¡Estábache boa que as miñas fillas fosen de criadas da sobriña de don Pedancio! Se el é filósofo, como din, eu son coireiro, e teño, madía leva, máis cartos ca el”.

O artigo era moi longo, e nel Pepe o Coireiro, por cinco pesos que tivera que pagar ó director de *A voz de Tamarica*, dábase a satisfacción de dicir unhas cantas verdades e de demostrar que nas súas uchas había moito diñeiro e que del ninguén se burlaba.

Ós poucos días, respondeulle con outro artigo no mesmo semanario, o rexistrador. Dicíalle que el, na universidade, levara matrículas de honor en Dereito Romano e Canónico; que a súa nai era afillada dun xeneral de brigada e que, se o Coireiro tiña cartos, el, en troques, estaba emparentado con xente de rumbo; engadía que non precisaban de xente ignorante e plebeia para lle facer unha velada solemne ó ilustre filósofo de Tamarica e finaba ameazándoo con lle matar a croiazos as galiñas que lle entrasen na súa horta.

Consecuencia desta polémica, foi o fracaso de levar a escena o drama histórico *As Verbas de don Sancho ou A Fiestra do Castelo*.

Como adoitaba facelo, xuntouse a comisión organizadora na rebotica do licenciado Salgueiro, mais en vez de xogar ó tute, adicouse a discutir o xeito que se lle había dar á velada. Discutiuse sete noites, sen chegar a un acordo. Por fin, á octava, completouse o programa. Tiráronse ducia e media de copias á máquina, para repartir entradas ás familias aristócratas de Tamarica, e fixo unha con letra gótica moi emperifollada para don Pedancio o oficial primeiro do Concello. Dicía:

VELADA DE HONOR QUE O POBO DE TAMARICA
ADICA A DON PEDANCIO CASANOVA,
PROFUNDO FILÓSOFO, GLORIA DA RAZA
BRANCA

Primeira parte

Discurso de ofrecemento, polo rexistrador don Daniel Barreiro.

E lucevan le stelle de Tosca (Puccini), polo tenor local señor Bergueiro.

La canción del pirata (Espronceda), poesía recitada en castelán por don Robustiano de Gómez e Fernández.

Xogos de prestidixitación, polo señor notario desta vila.

Segunda parte

A don Pedancio, poesía orixinal da escolante dona Mercedes Louzán, recitada pola autora.

Nota: Préganse aplausos, por se tratar dunha muller.

Escena do sofá do drama Don Xoán Tenorio, por dous afeccionados.

Cantos flamencos, por Antonio del Pozo (a) Mochuelo (fonógrafo de don Xosé Rodríguez).

A peste porcina, conferencia que o probo veterinario don Venancio Tourís adica a don Pedancio Casanova.

A velada non puido resultar mellor. Foi unha festa de

arte que deixou satisfeitos ata ós espíritos máis refinados. Os parroquianos de Chinto de Pedralonga non deron berros nin couces, porque non deixaron entrar a ninguén. O home-naxeado acougaba no medio do xuíz e do licenciado Salgueiro, no canto de honor. O pobo culto de Tamarica deu unha proba máis do seu temperamento artístico.

Todo resultou moi ben, pero o que máis gorentou ó público foi o cante flamenco. Don Xesús Rodríguez estaba que non cabía en si de ledicia. O seu admirado cantador endexamais conseguiu un éxito tan xurdio como aquela noite en Tamarica. Tanto foi así, que un disco houbo que repeti-lo tres veces.

Don Pedancio Casanova, o gran filósofo e pensador, foi trasladado á súa casa en fros dos seus admiradores.

IV

Cando o automóbil de liña que puña en contacto á vila de Tamarica co resto do mundo, unha mole marela, chea de lorda esmagullada por tódolos cantos, deixou unha xorda trepidación semellante ó acorar dun boi tafegueiro, os tamaricos que se achaban folgando —que eran cáseque todos— endereitáronse á Praza da Constitución onde aquel paraba.

A chegada do automóbil era o espectáculo público que atraía máis xente, quizais por ser de balde.

Aquel día acuciou a curiosidade dos tamaricos papalei-sóns un viaxeiro que viña na dianteira vestido cun garda-poda cor da ameixa e cun frexe nos xeonllos. Descendeu cun aquel de garbo e elegancia que gorentaba. Era un mozo lanzal, alto, de cabelo longo virado para atrás e de faciana expresiva. Sobre o nariz cargaba uns anteollos de cerchos mouros que o caracterizaban de intelectual, e andaba tan botado

para atrás, que a liña do seu ollar e a do seu corpo facían un ángulo obtuso.

Preguntou polo mellor hotel, e conducírono á casa do Zoqueiro, na porta do cal campaba un letreiro: *H. Europa*. E aló se foi co frexe nunha man e co garda-po da cor da ameixa na outra.

Axiña se fixo amigo dos hóspedes do *H. Europa*. Despois de xantar, xogou unha partida de dominó co telegrafista e á noite foi presentado no xuntoiro da rebotica do licenciado Salgueiro. De contado conseguiu as simpatías de tódolos contertulios. Era falador e ledor: contaba contos que facían esboirar de risa e soubo louvar e admirar a mestría do notario, cando coa baralla estendida na mesa adiviñou a carta que aquel imaxinara.

Dous días despois, levouno o rexistrador a unha reunión á casa de don Pedancio Casanova. Alí coñeceu ó gran filósofo e sóbose render á súa sona de celebridade mundial.

—¿Así que vostede é novelista, non si?

—É verdade, si señor.

—Virá disposto a acougar do seu traballo.

—Todo o contrario. Veño disposto a traballar quizais máis aínda do que traballaba aló en Madrid.

—Fuxiríalle ó barullo.

—Non é iso precisamente o que aquí me trouxo, senón o anxeio de vivir este ambiente para logo facer unha novela sobre el.

—¡Ah!

—Por certo que o atopo moi interesante.

Naquel intre chegou o aristócrata recadador de contribucións. Presentáronlle ó forasteiro.

—Don Galo Penedo, novelista.

—Don Robustiano de Gómez, recadador e dramaturgo.

—¿Tén moitas obras? —preguntou este.

—Trinta e dúas. ¿Coñece vostede algunha?

—Algunha paréceme que si, aunque agora non lembro...

—Seguramente coñecerá *Ti dicíásme que si...* que foi a que maior número de edicións acadou.

—Iso é. Por certo que me gustou moito.

Don Robustiano na súa vida ouvira falar do novelista, mais por aquilo de ficar ben, asegurou que era un dos seus meirandes admiradores.

—Un bo novelista coma vostede —dixo o rexistrador— debe de sacar moitos cartos da venda das novelas, porque hoxe en día lese moito.

—Regular, regular; emporiso, máis cá venda de libros dá o reparto de personaxes.

—¿Como o reparto de personaxes? —inquiriu don Pedancio.

—Coido que en Tamarica —respostou Galo Penedo— os ignoranse procedementos madrileños. Cando un novelista de sona quere facer unha novela, publica nun xornal o argumento. O outro día, persóanselle na súa casa marqueses, duques, condes, ou sinxelamente persoas de moito diñeiro. Dille un: «Eu quero encarnar tal personaxe da súa próxima novela ¿Canto custa?» «Tanto» —dille o novelista. «Aí está»—, e págalle. Despois o escritor estudia detidamente o xeito de falar do interesado, os seus xestos, a maneira de vestir, o tipo e, en fin, todo o que poida caracterizar, e descríbese na novela. Algúns, para máis claridade, poñen ó remate: “Lista dos personaxes desta obra e persoas en que o autor se inspirou”.

Chegou un fato de rapazas novas ó cabán dispostas a facer triunfar a ledicia. Os mozos secundáronas. Galo Penedo foi presentado a todos. Os seus ollos mouros craváronse nos azuis de Margarida, a sobriña do filósofo, con toda admiración. Sobre todo tiña ela o atractivo do seu doce ollar ensoñador e o seu aquel de inxenuidade.

Entre a xente nova, triunfou tamén o novelista. Para tódalas rapazas tiveron os seus labios unha gasalleira galantería con que louvar a beleza, o benser, ou a elegancia que

atesouraban. Tódolos mozos recibiron a mostra da súa simpatía. Aínda así, o fito das súas máis enxeñosas expresións e das súas verbas máis rendidas foi a xentil Margarida, que as sentía chegar ós seus ouvidos acompañadas de música velaíña, que lle rebuldaba no peito.

Despois de parolar longamente, bailouse.

Tocáronse naquel vello piano de teclas marelas, que acougaba na testeira da sala, gaivotas dezaoitescas, vales ramplóns de Waldteufel e algún que outro hipocondríaco tango.

Don Xaquín, aquel fidalgo segundón de irritados bigotes grises, con catro cabelos que lle ían dun a outro parietal, loitaba por dirixir un rigodón, pero a xente moza estaba máis polas apertas coreográficas que polas artísticas danzas oitocentistas.

Foi moi agradable para todos a xuntanza daquela noite. Na hora da despedida, cando todo era barullo e algareo, Galo Penedo debullou nos ouvidos de Margarida os seus máis harmoniosos madrigais. Ela avermellouse un pouco e agradeceu cunha ollada chea de sentimento aquelas verbas tan dóces coma novas.

V

Ó outro día, don Robustiano foi ó *Hotel Europa* visitar a Galo Penedo. Cando saíu, traía vinte pesos menos na carteira, pero na súa faciana escintilaba o gándio de encarnar o duque de Covafría, personaxe da próxima novela de Penedo, cunha acción que se desenrolaría na vila de Tamarica.

O novelista axiña se fixo popular. Certo que tivo o bo acordo de se ir afeitar á barbería de Cibrán Teixido o Vinculleiro, ingresando deste xeito no partido culto e acaroándose así ós tamaricos da súa categoría social. En canto ós outros,

nin se tomou o traballo de falar mal deles.

No xuntoiro da rebotica do licenciado Salgueiro, deu a coñecer unha coida que foi acollida con éxito: facer unha colleita e xuntar cartos para lle erguer un busto ó meirande dos filósofos da raza branca, a don Pedancio Casanova.

El mesmo encetou a lista con cincuenta pesetas e encargouse, coa aprobación de todos, de recoller os cartos xuntados. A intelectualidade de Tamarica soubo respostar a aquel chamamento e abriu a alxibeira sen regateos.

Galo Penedo seguía asistindo ás reunións do sabio, onde era apreciado por todos. Don Pedancio, desde que lle dixeran o da suscripción, tiña para el atencións que endexa-mais tivera para ninguén. Ata chegou a lle prometer un exemplar da súa próxima obra.

A admiración do novelista cara a Margarida seguía cada día máis acesa. E a emoción que Margarida sentía cando se atopaba preto do novelista manifestábase cada día máis claramente. Polo maxín da nai, xa esvarara moitas veces a coida dun casamento. A tía coidara xa ir de madriña dun meniño.

Aquela noite, cansos de bailar e de xogar ás prendas, acougaban todos en rolda parolando.

—¿Que, trabállase moito? ¿Como vai esa novela? — preguntou don Pedancio ó escritor.

—¡Regular, regular! Teño a boa condición de non me apurar nestas cousas. Primeiro, observar, estudar, fixar o ambiente; despois traballar.

—Pero o argumento terao xa imaxinado.

—Teño, si. Iso é o primeiro que adoito facer.

—¿Será unha indiscreción pedirlle que nolo conte?

—Ó contrario. É para min un honor que lle interese.

—Pois escoitamos entón.

—A acción desenrólase, como saben, en Tamarica. Por esixencias da trama, lévoa para a beira do mar e fágoa praia de moda.

—Gracias polo favor que nos fai —dixo unha das rapazas.

—Aquí vive o duque de Covafría, nobre millonario, no seu soberbio pazo, cinguido de xardíns. Protexido del é Rodolfo Arufe, mozo orfo e enxeñeiro que acaba de rematar un invento que fai parar os automóviles e aeroplanos e voltar a onde estaban. Polo verán chega a Tamarica a sobriña do duque, a marquesa de Valflorido, que é unha rapaza fermosísima.

—¿Esmerarase vostede en describila, non si? —demandou outra rapaza.

—Claro. Precisamente para ela teño a mellor modelo que endexamais puideren arelar.

E dirixiu unha ollada a Margarida, que se avermellou. Todos enxergaron a cousa, pero ninguén dixo nada. O novelista seguiu falando.

—A Tamarica vén, tamén, tomar baños, un príncipe indio con todo o seu séquito. Certa mañá, na praia, abesulla á marquesiña e namórase dela. Fai que lla presenten e dille se quere ser raíña do Estado que pronto herdará do seu pai. Pero ela despréciao orgullosa, e entón el, tolo de paixón, concerta cos seus servidores o xeito de roubala. E un serán é sorprendida nun paseo lonxano polo príncipe e mailo seu secretario particular, que a collen á forza e, meténdoa nun automóbil, foxen a toda velocidade de Tamarica. Rodolfo Arufe, que tamén estaba namorado dela, entéirase axiña e fai manobrar o seu invento. E a faciana do príncipe, que sorría retratando satisfacción polo triunfo, tórnase amargurada ó ollar que o automóbil fica parado e bota a correr para atrás. Cando a sobriña do duque de Covafría saíu do colapso, xa estaba salvada e o príncipe xa tiña enriba do lombo unhas cantas ducias de paus que lle zorregaran os criados do seu tío. Como é natural, a marquesa e o enxeñeiro entendéronse axiña e non tardaron moito en se casar. ¿Que lles parece?

—Moi ben, moi ben. Será unha obra de mérito —asegurou don Pedancio.

—Mesmo parece un argumento de película —dixo unha mociña loira de nariz longo, moi afeccionada ó cine.

—Claro que isto non é máis có esqueleto; despois vén o traballo do artista a encher ocos.

—A obra responde ó artista —falou don Robustiano.

—Pero atópome nun apreto —dixo o novelista.

—¿E logo?

Xa verán vostedes. Eu teño un alto interese en que esta sexa a miña obra máis acabada. Por iso quero facer as cousas sen apresuramentos e respondendo a tódalas esixencias da realidade. Cada personaxe, cada escena, cada descrición, fareina despois de estudiala detidamente. Cando por primeira vez presento á marquesa de Valflorido, áchase disposta para ir a un baile, arrombada cos seus mellores vestidos e lucindo xoias de gran valor. Quero describir ben estas xoias e atópome con que non teño exemplares en que inspirarme. Se marcho a Madrid con este obxecto, teño que deixar isto; e isto non o podo deixar de ningunha maneira.

E ó falar deste xeito, ollou tenramente para Margarida. A nai, que non perdía verba nin movemento, dixo axiña:

—Por iso non se apure vostede. Eu prestareille xoias que lle han servir para o caso. Xa verá...

E erguéndose do sillón en que acougaba, saíu do cabán. Non tardou moito en voltar. Traía na man un xoieiro de onde tirou uns pendentos de ouro, un camafeo de acibeche con adornos do mesmo metal, tres aneis con pedras preciosas e un colar de rosadas pérolas, que puxo na man de Galo Penedo.

—¡Admirable! —dixo este sinceramente.

—Aí as tén, léveas para a casa e que elas o inspiren.

—Gracias, señora.

Era xa tarde e a xente coidou que eran horas de se ir deitar. O novelista ergueuse tamén e, achegándose a Marga-

rida, díxolle caladiñamente:

—Teño moito que falar con vostede. ¿Quéreme agardar esta noite no balcón?

—Ben logo —contestou ela ollando para o chan.

Ó lle dar a man a don Pedancio para se despedir, pediulle este que se quedase un instantiño con el no seu despacho. De contado acabou a conferencia. O filósofo encarnaría ó duque de Covafría. Aquela encarnación non lle custou máis ca vintecinco pesos.

A noite estaba tranquila. A brisa morna, arrecendente a fiúncho, abalaba mainamente as acacias en flor, que medraban diante da casa fidalga de don Pedancio. O luar enchía de claras tonalidades as tebras daquela noite de verán. Todo era paz e serenidade.

Polas fiestras abertas da sala fuxiron tremantes e melancólicas as notas sentimentais dun nocturno de Chopin. As mans de Margarida, albas coma pombas, respondendo ós latexos do seu namorado corazón, facían chorar o piano que soaba coa dozura dun vello clavicordio. Cando o derradeiro acorde morreu esvaído no zoar das follas das acacias, ergueuse e esculcou na deserta praza alumada polo luar. Nada se sentía. Nada se abesullaba.

Voltou a acougar rentes do piano, e as súas mans, despois de aloumiñar as marelas teclas, pisáronas con ritmo acompasado. As lenes harmonías da romántica *Serenata* de Schubert, envolveitas na serenidade daquela noite, semellaban tremores das cordas do sentimento.

Pasou un bo anaco. Margarida esculcou de novo. A praza seguía silenciosa. Ninguén se enxergaba nela. Atendeu ata as tres da mañá e, cansa xa de esperar, foise deitar coas bágoas nos ollos.

VI

Polo Zoqueiro sóubose ó outro día que Galo Penedo saíra no automóbil da mañá cun frexe nunha man e cun garda-po da cor das ameixas na outra. Endexamais se voltou a saber del.

O caso do novelista deu que falar en Tamarica para moito tempo.

Na barbería de Chinto de Pedralonga asegurouse que era un timador de oficio e riuse a cachón a conta dos estafados: na de Cibrán Teixido, o Vinculeiro, despreciáronse nun comenzo as faladurías, dicindo que un novelista madrileño non faría unha acción daquela clase, pero pasados os meses e convencidos os amigos do escritor de que o paxaro voara para sempre, calaron e fixeron por esquecer a cousa.

Na casa de don Pedancio houbo escenas de traxedia, capaces de arrepiar o cabelo ó home máis valente.

O tempo serviu de medicina. Foi calmando paseniñamente o trebón espiritual que remexera as clases cultas de Tamarica. E as cousas voltaron ó seu ser.

O ilustre filósofo e pensador comenzouse a sentir mal do fígado. Unha doenza da súa mocidade, acochada longos anos, viña agora a interromper a súa tranquila existencia. Tivo que deixar de traballar; non puido pensar en máis dunha semana. Tomou medicinas e meteuse no leito, pero a cousa foi a peor.

E unha mañá de xeadas, morreu.

Despois de soterrado, os seus íntimos amigos dirixíronse á casa fondamente emocionados. Era tempo xa de dar a coñecer os profundos traballos do sabio de número da *Sociedade Internacional de Filósofos e Profundadores*. Ían dispostos a esculcar o que don Pedancio tivese escrito.

Cando entraron no despacho, descubríronse respetuosos. Aquilo era un templo da Ciencia.

Todo estaba ordenado. Na mesa de traballo acougaban

sete ou oito kilos de cuartillas en branco.

Unha soa estaba escrita: *Consustanciación filosófica do pensamento humano. Capítulo I*. E non dicía máis. Os seus íntimos non dixeron a ninguén o que atoparan. As revistas e xornais falaban longamente de don Pedancio Casanova co gallo da súa morte. O *Boletín da Sociedade Internacional de Filósofos e Profundadores* abriu unha suscripción para lle erguer unha estatua, chegando axiña a xuntar unha chea de cartos. Pero como non acharon proxecto de momento que lles gorentase, a estatua ficou sen erguer. Don Pedancio Casanova é hoxe un dos valores máis indiscutidos da raza branca.


ANTOLOXÍA

da
novela curta

Edición de Carlos Casares

L. PITA ROMERO X. MAGARIÑOS NEGREIRA

ÁLVARO DE LAS CASAS X. FILGUEIRA VALVERDE



galaxia·narrativa

1ª edición, decembro 1990
2ª edición, setembro 1992

I.S.B.N.: 84-7154-746-5

Dep. Legal: VG-339-92

© EDITORIAL GALAXIA, S.A. - Reconquista, 1-VIGO